

A.4 ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.

ARTIGO 1.- Normativa aplicable.

O imposto sobre construcións, instalacións e obras rexerase:

- Polas normas reguladoras do mesmo, contidas no R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, e polas demais disposicións legais e regulamentarias que complementen e desenrolen.
- Pola presente Ordenanza Fiscal.

ARTIGO 2.- Feito imponible.

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras é un tributo indirecto cuxo feito imponible está constituído pola realización, dentro do termo municipal, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obtención da correspondente licenza de obras ou urbanística, teñan ou non a devandita licenza, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenza ou a actividade de control corresponda ao concello da imposición.

ARTIGO 3.- Exencións.

Está exenta de pago deste imposto a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexa dono o Estado, as Comunidades Autónomas ou as Entidades Locais, que estando suxeitas ó mesmo, vaian a ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a súa xestión se leve a cabo por Organismos Autónomos, tanto de tratarse de obras de novo investimento como de conservación.

ARTIGO 4.- Suxeitos pasivos.

1.- Son suxeitos pasivos deste imposto, a título de contribuínte, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmovible sobre o que se realice aquela.

A estes efectos terá a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custo de comorte a súa realización.

2.- No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terá a condición de suxeito pasivo substituto do mesmo os que soliciten as correspondentes licencias ou presenten as correspondentes comunicacións previas, ou os que realicen as construcións, instalacións ou obras. O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

ARTIGO 5.- Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra entendéndose por tal, a estes efectos, o custe de execución material daquela.

Non forman parte da base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de réximes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais de carácter público local relacionadas, no seu caso, coa construción, instalación ou obra, nin tampouco os honorarios de profesionais, o beneficio empresarial do contratista



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



nin calquera outro concepto que non integre, estritamente, o custo de execución material.



La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



ARTIGO 6.- Cota e tipo de gravame

A cota do imposto será o resultado de aplicar á base imponible o tipo de gravame.

O tipo de gravame será o **2,5%** do custe real e efectivo da obra.

ARTIGO 7.- Bonificacións.

7.1.- Bonificación por circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas.

Outorgarase bonificación ata do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración.

Para o recoñecemento do especial interese ou utilidade municipal o suxeito pasivo deberá ser unha Administración Pública, sempre que esta Administración non repercuta sobre o contratista as cotas do I.C.I.O., ou unha entidade sen fin de lucro inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións.

Este recoñecemento corresponderá ó Pleno da Corporación, e acordarase, previa solicitude xustificada do interesado con anterioridade ao devengo do imposto, por voto favorable da maioría simple dos seus membros. Na solicitude, o interesado formalizará o compromiso de ingreso da bonificación no caso de perda da mesma polas causas previstas nesta Ordenanza Fiscal, podendo esixir o Concello a aportación de garantía suficiente para tal finalidade.

A comisión de calquera infracción urbanística na execución do investimento obxecto de bonificación dará lugar á perda automática do beneficio fiscal outorgado, debendo ingresarse na Tesourería Municipal o importe da bonificación.

Circunstancias de fomento do emprego.

Sempre que así se solicite polos interesados, establécese unha bonificación de ata o 95% da cota íntegra en caso de construcións, instalacións ou obras realizadas nos locais afectos ao exercicio dunha actividade económica da que o suxeito pasivo sexa titular, cando sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias de fomento do emprego. A gradación da porcentaxe de bonificación aplicárase do seguinte xeito:

- Ata o 95 por 100 pola creación de máis de 20 postos de traballo
- O 75 por 100 pola creación de entre 11 e 20 postos de traballo
- O 50 por 100 pola creación de ata 10 postos de traballo.

Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Para a concesión desta bonificación deberán concorrer os seguintes requisitos:

- a) Computaranse unicamente os novos empregos directos e de carácter indefinido, tanto a xornada completa como reducida. Neste último caso, os empregos computaranse en proporción á duración da xornada.
- b) Os contratos haberán de manterse, xunto coa media de traballadores da empresa, por un período mínimo de tres anos, contados desde o inicio da actividade.
- c) Non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que procedan de traslados ou diminucións de plantillas ou postos de traballo doutros centros do suxeito pasivo dou o seu grupo no termo municipal de Riveira. En caso de fusión, absorción, cambio de denominación ou similares, non darán dereito á bonificación as contratacións de traballadores que xa dispuxeran de contrato laboral nunha empresa afectada por este tipo de procesos.
- d) Os traballadores deberán ter como destino principal ou lugar no que desempeñan a totalidade ou a meirande parte do seu traballo o local obxecto da obra bonificada.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



- e) Os contratos de traballo deberán formalizarse non prazo máximo de tres anos desde a concesión da licenza de obras correspondente, ou da prórroga que se conceda no seu caso para a execución da obra.

A bonificación deberá solicitarse con carácter previo ou simultáneo á concesión da correspondente licenza de obras. Xunto ca solicitude de bonificación, o interesado achegará a seguinte documentación:

1. Memoria explicativa, integrada por unha descrición da actividade a desenvolver no local obxecto da obra, e que comprenderá unha análise da súa viabilidade.
2. Declaración dos empregos a crear, detallando o seu número e modalidade da xornada.
3. Declaración dos empregos preexistentes, detallando o seu número e modalidade da xornada, e última relación nominal de traballadores remitida á Tesourería Xeral da Seguridade Social, consistente con dita declaración.

A fin de acreditar a creación e mantemento dos empregos creados, durante o mes de decembro do primeiro, segundo e terceiro exercicios posteriores ao remate das obras o interesado deberá aportar a seguinte documentación:

1. Copia dos novos contratos formalizados (unicamente no primeiro exercicio posterior ao inicio da actividade).
2. Última relación nominal de traballadores remitida pola empresa á Tesourería Xeral da Seguridade Social, da que se desprenda o mantemento do emprego por parte da empresa.

A comisión de calquera infracción urbanística na execución do investimento obxecto de bonificación, ou o incumprimento do prazo mínimo de mantemento do emprego, dará lugar á perda automática do beneficio fiscal outorgado, debendo ingresarse na Tesourería Municipal o importe da bonificación.

A obra deberá levarse a cabo nun chan que permita o uso industrial segundo Plan Xeral de Ordenación Urbana Municipal.

Bonificación pola instalación de sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

Outorgarase unha bonificación de até o 95 por cento a favor das construcións, instalacións ou obras nas que se incorporen sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

O suxeito pasivo deberá aportar, xunto coa solicitude da licenza, o proxecto técnico visado polo Colexio Oficial correspondente, acreditativo da incorporación á construción, instalación ou obra de instalacións de enerxía solar térmica ou de enerxía solar fotovoltaica para autoconsumo, así como da homologación dos colectores empregados para a produción de calor.

Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor do disposto na normativa específica na materia.

A bonificación prevista neste apartado aplicarase á cota resultante de aplicar, no seu caso, a bonificación á que se refire o apartado anterior.

3.- Bonificación a favor de actuacións que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados.

Outorgarase unha bonificación do 20 % dos gastos de execución material das obras que favorezan as condicións de acceso e habitabilidade dos discapacitados, sen que en ningún caso a dedución poida exceder da porcentaxe do 30% da cota.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005
Fecha: 07/10/2021
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL



CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2

Non se concederá esta bonificación cando a implantación destes sistemas sexa obrigatoria a teor do disposto na normativa específica na materia.
A bonificación prevista neste apartado aplicase á cota resultante de aplicar, no seu caso, as bonificacións á que se refiren os apartados anteriores.

4.- Disfrute simultáneo de bonificacións.

As bonificacións previstas nos anteriores apartados 2 e 3 serán disfrutables simultaneamente.

5.- Bonificación na execución de vivendas unifamiliares.

Nos proxectos que teñan por obxecto a execución dunha vivenda unifamiliar illada, deducirase da cota íntegra o, no seu caso, bonificada do imposto, a cantidade a satisfacer en concepto de taxa polo outorgamento da licenza urbanística correspondente.

ARTIGO 8.- Devengo.

O imposto devengarase no momento de iniciarse a construción, instalación ou obra, aínda cando non contase coa correspondente licenza ou, no seu caso, non se presentase ou non surtise efectos xurídicos a presentación da comunicación previa.

Nos supostos de inicio das obras sen se teren presentado as preceptivas solicitudes de licenza, ou comunicación previa, a data de inicio das obras será tida en conta aos efectos de determinar a falta de ingreso das cotas, que suporá a esixibilidade dos recargos de conxestión ou a comisión de infracción tributaria por falta de ingreso do imposto.

ARTIGO 8.-Xestión.

1.- O imposto esixirase en réxime de autoliquidación, polo que ao momento de presentar a solicitude de licencias de obra, declaración responsable ou comunicación previa, o suxeito pasivo deberá cumprimentar e abonar a correspondente autoliquidación, no modelo normalizado aprobado polo Concello, determinándose a base impositiva do seguinte xeito:

- No caso de obras maiores, en función do orzamento presentado polos interesados, sempre que o mesmo fose visado polo Colexio Oficial correspondente cando isto constituía un requisito preceptivo.
- No caso de obras menores, en función do orzamento presentado polos interesados ou aplicando os módulos establecidos no Anexo I desta Ordenanza.

Os módulos establecidos no Anexo I terán en todo caso a consideración de importes mínimos.

Naqueles supostos en que o interesado solicite a aplicación dalgunha das bonificacións previstas nesta ordenanza, a liquidación tributaria será determinada pola Administración, en función do acordo adoptado polo órgano competente ao respecto da bonificación solicitada.

O servizo municipal responsable da tramitación do expediente urbanístico verificará que no mesmo consta o xustificante da liquidación do imposto e, no seu caso, requirirá ao interesado para que o aporte ao expediente.

2.- A Administración tributaria poderá ditar unha liquidación complementaria modificando a autoliquidación nos supostos nos que se aprecie un erro na confección da mesma, xa sexa aritmético ou formal coma de interpretación dos elementos determinantes da aplicación dos módulos previstos na presente Ordenanza, que determine unha errónea estimación da base impositiva ou do tipo de gravame, sen prexuízo da ulterior comprobación da obra efectivamente executada para efectuar a liquidación definitiva do imposto.

3.- No caso de desestimento polo interesado, ou cando a correspondente licenza urbanística sexa denegada, os suxeitos pasivos terán dereito á devolución das cotas satisfeitas polo imposto.

ARTIGO 9.- Comprobación Administrativa.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



1. Unha vez rematada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o custo real e efectivo, os suxeitos pasivos presentarán no prazo dun mes, contando a partir do día seguinte á dita finalización certificado e presuposto final de obra visado polo Colexio Oficial correspondente, cando se esixiran direccións facultativas, e calquera outro documento que se considere oportuno.
2. No caso de que non puidese presentarse o Certificado e Presuposto final de obra no prazo sinalado no número anterior, poderá solicitarse unha prórroga de un mes, contado a partir do día seguinte á finalización do prazo anterior, para a presentación da citada documentación.
3. Considérase finalizada unha construción, instalación ou obra na data que se conceda, pola Xunta de Goberno Local, licenza de primeira ocupación do obxecto tributario. De non ter que obter esta, atenderase á data na que a Administración puido ter coñecemento da finalización das ditas obras.
4. As datas sinaladas no parágrafo anterior determinarán o inicio do cómputo da prescripción do dereito da administración a practicar unha liquidación definitiva.
5. Á vista da documentación achegada e das construcións, instalacións ou obras efectivamente realizadas e do custo real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva, á que se refire o artigo anterior, practicando a correspondente liquidación definitiva, e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda. Esta función corresponderá ao servizo de xestión tributaria do concello.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, aprobada polo pleno do Concello en sesión de data xx de xx de 2021, entrará en vigor no mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2

ANEXO

ÍNDICES E MÓDULOS APLICABLES PARA O CÁLCULO DA BASE IMPOÑIBLE PROVISIONAL A EFECTOS DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS.

Nota previa: En caso de que unha obra non atope un encadre directo nas distintas aquí tipificadas, aplicaráselle a tarifa que máis se aproxime por identidade de razón entre os supostos tipificados neste Anexo I, salvo que o suxeito pasivo aduza razóns suficientes para desestimar a valoración realizada.

GRUPO PRIMEIRO. NOVA PLANTA.

Os valores de referencia establecidos polo Concello de Riveira para a estimación do orzamento de execución material como base imponible provisional para o ICIO calcúlanse mediante a aplicación, á superficie construída, do módulo básico de execución material e dos coeficientes do valor da construción que para usos e tipoloxías construtivas establece o RD 1020/93 de 25 de xuño, conforme á táboa I.

Calculándose da seguinte forma:

$$PR = M \times C \times S$$

Sendo:

- PR = Orzamento de referencia a efectos do cálculo da base imponible do ICIO, en €.
- M = módulo básico da construción da ponencia de valores vixente de Ribeira en €/m2.
- C = coeficiente da táboa I en función do uso e tipoloxía.
- S = superficie construída en m2.

Se nunha mesma licenza inclúense varios usos, aplicarase a fórmula para cada un deles.

TÁBOA I. Coeficientes segundo uso e tipoloxía (C).

USO E TIPOLOXÍA	C
1.-RESIDENCIAL	
VIVENDA COLECTIVA	1,00
VIVENDA UNIFAMILIAR	1,15
ENCOSTADA	
VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA O PAREADA	1,25
RESIDENCIAL COMUNITARIO	1,90
GARAXES, TRASTEIROS E LOCALES EN VIVENDA COLECTIVA	0,53
GARAXES E PORCHES EN P.BAIXA VIVENDAS UNIFAMILIARES	0,65
EDIFICACIÓN AUXILIAR (ANEXOS)	0,45
2.-INDUSTRIAL	
NAVE INDUSTRIAL EN UNHA PLANTA	0,60
NAVE INDUSTRIAL EN VARIAS PLANTAS	0,70
NAVE DE ALMACENAMIENTO	0,50
GARAXE	0,70
APARCAMENTO	0,40
ESTACIÓN DE SERVIZO	1,25
3.-OFICINAS	
OFICINAS (EDIFICIO EXCLUSIVO)	1,50



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



OFICINAS (EDIFICIO NO EXCLUSIVO)	1,30
OFICINAS UNIDAS A INDUSTRIAS	1,00
4.-COMERCIAL	
LOCALES E PEQUENOS TALLERES EN EDIFICIO MIXTO	1,20
GALERÍAS COMERCIAIS EN EDIFICIO MIXTO	1,30
COMERCIOS EN UNHA PLANTA (EDIFICIO EXCLUSIVO)	1,60
COMERCIOS EN VARIAS PLANTAS (EDIFICIO EXCLUSIVO)	1,75
MERCADOS	1,45
HIPERMERCADOS E SUPERMERCADOS	1,30
5-DEPORTES	
EDIFICIO CUBERTO (DEPORTES VARIOS)	1,50
PISCINA CUBERTA	1,65
EDIFICIO DESCUBERTO (DEPORTES VARIOS)	0,45
PISCINA NON CUBERTA	0,60
EDIFICACIÓNS AUXILIARES(VESTIARIOS, INSTALACIÓNS,..)	1,05
6.ESPECTÁCULOS	
VARIOS CUBERTOS	1,35
VARIOS NON CUBERTOS	0,55
SALAS DE FIESTA, DISCOTECAS (EDIFICIO EXCLUSIVO)	1,90
SALAS DE FIESTA, DISCOTECAS (EDIFICIO NO EXCLUSIVO)	1,55
CINES, TEATROS	1,80
7.OCIO E HOSTELERÍA	
HOTEIS, HOSTALES E MOTELES	1,90
APARTAHOTEIS, BUGALOWS	2,05
RESTAURANTES	1,75
BARES E CAFETERÍAS	1,50
CASINOS E CLUBES SOCIAIS	1,90
EXPOSICIÓNS E CONGRESOS	1,80
8.-SANIDAD E ASISTENCIAIS	
SANATORIOS E CLÍNICAS CON CAMA	2,25
HOSPITAIS	2,15
AMBULATORIOS E	1,70
CONSULTORIOS	
BALNEARIOS	1,90
ASISTENCIAIS CON RESIDENCIA	1,80
ASISTENCIAIS SIN RESIDENCIA	1,40
9.-CULTURAIS E RELIXIOSOS	
FACULTADES,COLEXIOS,ESCOLAS	1,40
BIBLIOTECAS E MUSEOS	1,65
CONVENTOS E CENTROS PARROQUIAIS	1,25
IGRESAS E CAPELAS	2,00
10.-EDIFICIOS SINGULARES	
DE CARÁCTER OFICIAL ADMINISTRATIVOS	1,60
DE CARÁCTER OFICIAL REPRESENTATIVOS	1,70
PENITENCIARIOS,MILITARES Y VARIOS	1,55
CAMPINGS	0,12
CAMPOS DE GOLF	0,03
XARDINERÍA	0,11



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE :: 2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



GRUPO SEGUNDO. REHABILITACION, REFORMA, AMPLIACION.

Os valores de referencia establecidos polo Concello de Riveira para a estimación do orzamento de execución material como base impositiva provisional para o ICIO, calcúlanse aplicándose aos de nova planta un factor corrector RR en función das características da obra

Calculándose da seguinte forma:

$$PR = M \times C \times S \times RR$$

Sendo:

- PR = Orzamento de referencia a efectos do cálculo da base impositiva do ICIO, en €.
- M = módulo básico da construción da ponencia de valores vixente de Ribeira en €/m².
- C = coeficiente da táboa I en función do uso e tipoloxía.
- S = superficie construída en m².
- RR=factor de reforma

TÁBOA II. Factor de reforma (RR).

FACTOR REFORMA (RR)	(RR)
.- OBRAS DE REFORMA OU REHABILITACIÓN REALIZADAS SOBRE EDIFICACIÓNS SEN VALOR PATRIMONIAL RELEVANTE, CON CAMBIO DE USO OU TIPOLOXÍA QUE INCLUIAN DEMOLICIÓNS E TRANSFORMACIÓNS IMPORTANTES	1,25
.- REFORMA DE EDIFICACIÓNS MANTENDO O USO E CONSERVANDO ÚNICAMENTE CIMENTACIÓN E ESTRUCTURAS	1,00
.- REFORMA INTERIOR DE EDIFICACIÓNS MANTENDO O USO, OS ELEMENTOS ESTRUCTURAIS E AFECTANDO Á FACHADA	0,75
.- REFORMA INTERIOR DE EDIFICACIÓNS MANTENDO O USO, OS ELEMENTOS ESTRUCTURAIS E FACHADA	0,65
.- AMPLIACIÓNS DE EDIFICACIÓNS EN PLANTA OU ALTURA	1,10

GRUPO TERCEIRO. OBRAS NON INCLuíDAS NOS APARTADOS ANTERIORES; VARIOS.

Aplicable para o cálculo do orzamento de execución material como base impositiva provisional para o ICIO para as actuacións puntuais que non poidan incluírse nos apartados anteriores. O orzamento de referencia será o sumatorio de todas as actuacións puntuais que inclúa a reforma, valoradas conforme aos módulos da TÁBOA III.

Calculándose da seguinte forma:

$$PR = \epsilon (Q \times M \times Cu)$$

Sendo:

- Q = Cantidade de cada unha das actuacións puntuais expresadas en ud, m, ou m².
- M = módulo básico da construción da ponencia de valores vixente de Ribeira en €/m².



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA
MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005
Fecha: 07/10/2021
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



- Cu = coeficiente de cada actuación conforme á táboa III

TÁBOA III. Custo unitario actuacións puntuais (Cu).

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



La autenticidad de este documento
se puede comprobar con el código
07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2
en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO
GENERAL



Denominación actuación	Cu
DEMOLICIONES	
m3 Demolición muro de formigón / pedra	0,355
m² Demolición muro de formigón / pedra	0,065
m² Demolición tabiquería	0,023
m² Desmontado cubrición de cuberta	0,028
m² Demolición completa de cuberta	0,065
m² Demolición de pavimentos	0,025
m² Demolición azulexados, revestimentos e f. teitos	0,023
m² Demolición de soleiras de formigón	0,046
m² Desmontado de instalacións de fontanería/saneamento	0,010
m² Desmontado de instalacións de electricidade/teleco.	0,005
m² Desmontado de instalacións de climatización/solar	0,008
m Desmontado de instalación de gas	0,002
ud Desmontado de inodoro/lavabo/bidé/ urinario/lavadoiro	0,050
ud Desmontado de prato de ducha/bañeira	0,101
m² Desmontado de carpintería exterior en fachada	0,034
m² Desmontado de carpintería interior en tabiques	0,025
m² Demolición de estructuras de formigón	0,060
m² Demolición de estructuras de madeira	0,065
m² Demolición de estructuras de aceiro	0,050
m³ Demolición de cimentacións de formigón	0,250
m³ Demolición de edificio completo	0,023
m³ Movemento de terras	0,011
PECHES DE PARCELA	
m² Peche de parcela opaco de pedra natural	0,193
m² Outro peche de parcela opaco	0,091
m² Peche de parcela diáfano de maia	0,028
m² Outro peche de parcela diáfano	0,321
m² Muro de contención	0,115
ALBANELERÍA	
m² Soleira de formigón pulida/ fratasada/ impresa	0,060
m² Tabiquería interior	0,050
m² Impermeabilización de sótanos - Terrazas - cubertas	0,055
m² Enfoscados / enlucidos	0,020
m² Cerramento de fachada	0,085
m² Cambio de carpintería exterior	1,354
m² Piscina	1,378
FALSOS TEITOS	
m² Falsos teitos escaiola/cartón-xeso	0,055
m² falsos teitos lamas- reixas metálicas / madeira / fibras	0,115
ILLAMENTOS	
m² Illamento acústico interior de locais	0,023
m² Insonorización de locais de actividades molestas	0,114
m² Illamento térmico	0,023
m² Illamento térmico de fachada polo exterior	0,128
m² Illamento térmico cunha fachada ventilada	0,262
SOLADOS E ALICATADOS	
m² Pavimento cerámicos/pedra/ madeira/ PVC/linoleo/formigón	0,082
m² Azulexado de gres	0,065
PINTURAS	



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2



m ² Pintura interior	0,012
m ² Pintura exterior	0,018
CUBERTAS	
m ² Retellado de cuberta sen cambio de tella ou pizarra.	0,045
m ² Cubrición con tella cerámica ou formigón	0,070
m ² Cubrición con pizarra	0,083
m ² Cubrición con pranchas de fibrocemento / asfálticas	0,038
m ² Cubrición con pranchas de fibrocemento+ tella cerámica	0,105
m ² Cubrición con bandexas de aceiro lacado / galvanizado	0,050
m ² Cubrición con bandexas de zinc / cobre	0,165
m ² Cubrición con panel sandwich metálico	0,085
m ² Formación de cuberta plana	0,085
m ² Sustitución de elementos estruturais de cuberta	0,050
m ² Taboleiro soporte do material de cubrición	0,055

ICIO EN OBRAS E INSTALACIÓNS TEMPORAIS

Respecto da base imponible provisional para o cálculo do imposto de construcións, instalacións e obras aplicables a aquelas que pola súa natureza teñan carácter temporal ou provisional como carpas, casetas, elementos feirais, etc.

Calcularase da seguinte forma:

$$PR = S \times 5 \text{ €/m}^2$$

Sendo:

- S = Superficie ocupada pola instalación

Cun máximo de 3.000 €.

Só consideraranse temporais aquelas que pola súa natureza establézanse por un período inferior a dez meses.



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS-ALCALDE PRESIDENTE - 15/10/2021
 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 15/10/2021 12:21:22

EXPEDIENTE ::
2021APOF000005

Fecha: 07/10/2021

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL



CSV: 07E5000B9EE300J0S4O2S8S9D2